

# PROXECTO INTERDISCIPLINAR “OS CANCIÑOS”



Concurso de traballo por proxectos. Modalidade 2A

CEIP QUINTELA (MOAÑA)

Curso 2018-2019

# ÍNDICE

1.Introdución.....	3
1.1. Xustificación .....	3
1.2.Planificación.....	3
1.2.1. Contidos curriculares.....	3
1.2.2. Criterios de avaliación.....	4
1.2.3. Competencias clave.....	4
1.2.4. Calendario.....	6
1.2.5. Profesorado participante .....	6
2. Obxecto e temática da investigación.....	7
3. Breve descrición do proceso de deseño e elaboración da proposta.....	7
4. Relación de tarefas máis importantes realizadas polo alumnado.....	8
5. Documentación elaborada para profesorado e alumnado.....	13
6.Recursos empregados e enumeración de fontes consultadas.....	14
7.Implicación da comunidade educativa.....	14
8. Difusión dos traballos entre a comunidade educativa.....	15
9. Avaliación realizada en relación cos criterios de avaliación e as competencias clave.....	15
10.Función e participación da biblioteca escolar.....	16

## 1.INTRODUCCIÓN

O CEIP Quintela de Moaña é un centro de 9 unidades, 3 de Ed. Infantil e 6 de Educación Primaria que contou con 183 alumnos e alumnas no curso 2018-2019.

Integrado no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares desde o curso 2007-2008, conta cun equipo de biblioteca estable e dinámico, no que están representados os diferentes niveis educativos, o equipo directivo, o equipo TIC e o EDLG. Desde esta estrutura organizativa coordínanse, para todos os niveis educativos do centro, propostas, actuacións e dinámicas relacionadas co fomento da lectura, a formación de usuarios e a educación Mediática e Informacional, que contribúen á mellora das competencias clave. A mellora da competencia lingüística en lingua galega sobre todo a nivel oral é un dos obxectivos prioritarios dos equipos de dinamización do centro, dada a situación sociolingüística do noso alumnado.

### 1.1. XUSTIFICACIÓN

“Os Canciños” foi un dos proxectos Interdisciplinares que desenvolveron os alumnos e alumnas de 6º de Educación Infantil do CEIP Quintela (Moaña), durante o curso 2018-2019.

Este proxecto xurdiu a principio de curso coa elección da mascota de aula. Esta investigación deunos a oportunidade, grazas a motivación do alumnado, de desenvolver as competencias básicas, sobre todo as relacionadas coa busca documental, o tratamento da información, as habilidades lingüísticas e a educación emocional.

### 1.2.PLANIFICACIÓN

#### 1.2.1. CONTIDOS CURRICULARES

##### Área de identidade e autonomía persoal

- Petición e aceptación de axuda nas situacións que así o requiran.
- Interese por participar en actividades da vida cotiá, con iniciativa e progresiva autonomía.

##### Área de medio físico e social

- Observación das características, comportamentos, funcións e cambios nos seres vivos.
- Curiosidade, respecto e coidado cara os animais.

## Área de Comunicación e Representación

- Participación en situacións de comunicación.
- Iniciación no uso da escrita en situacións contextualizadas e reais.
- Introdución ao uso das bibliotecas de centro e de aula como un medio para ampliar o coñecemento.
- Potenciación da imaxinación do alumnado en actividades plásticas.
- Coñecemento, na medida das súas posibilidades, das ferramentas tecnolóxicas.
- Memorización e recitado dalgúns textos de carácter poético.
- Participación e gozo en actividades musicais.

### **1.2.2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- ✓ Dar mostras de interesarse polos animais e os seus cambios.
- ✓ Identificar e recoñecer as características dos seres vivos: os cans.
- ✓ Amosar interese polos textos escritos presentes na aula e no contorno próximo, iniciándose no seu uso e na comprensión das súas finalidades.
- ✓ Producir diferentes textos individualmente ou en grupo -con escritura convencional ou non-, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo...
- ✓ Utilizar a biblioteca con respecto e coidado, valorándoa como recurso informativo, de entretemento e gozo.
- ✓ Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais.

### **1.2.3. COMPETENCIAS BÁSICAS**

#### Competencia en Comunicación lingüística (CCL)

- Busca guiada na biblioteca de textos relacionados co proxecto
- escoita comprensiva na lectura de textos informativos.
- Selección de información e posterior anotación por parte do grupo.
- Producción de textos informativos para a elaboración dun



dossier onde se recolle a información elaborada.

- Exposición oral da información elaborada e producida.
- Lectura de contos relacionados coa temática.
- Recitado de poemas relacionados co proxecto.
- Recreación de rimas baseadas en textos poéticos de autor, relacionadas co proxecto.

#### Competencia matemática(CM)

- Cálculo e resolución das votacións no proceso de elección da mascota anual.
- Análise de datos matemáticos recollidos nas buscas de información.
- Cálculo da secuencia seguida na programación de movemento co scornabot (sobre plantillas elaboradas no proxecto).

#### Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico (CCIMF).

- Busca e selección de información relativa aos canciños.
- Adquisición de coñecementos relacionados cos cans como mamíferos.

#### Competencia cultural e artística (CCA).

- Decoración da aula con motivos relacionados cos canciños.
- Elaboración dunha manualidade tridimensional proposta pola Protectora de Animales do Morrazo na súa visita a aula de 6º de Infantil.
- Expresión musical dunha canción relacionada co proxecto.
- Actividade plástica para decorar o poema adaptado de Fran Alonso.

#### Tratamento da información e Competencia dixital (TICD).

- Busca e selección de información e imaxes para elaborar documentos informativos.
- Organización da información seleccionada.
- Consulta no Meiga de bibliografía existente na biblioteca.
- Introducción á robótica, empregando os scornabots como elemento motivador na asociación de coñecementos relacionados cos cans, avaliación de conceptos adquiridos e desenvolvemento da creatividade en contextos cooperativos.



- Gravación de rimas e produción audiovisual sobre o poema "Porque nos peta" recreado a partir do poema de Fran Alonso "O meu gato é un poeta"

#### Competencia para Aprender a aprender (CAA).

- Investigación por parte do alumnado dos canciños: ideas previas, deseño do que queremos aprender, recollida de información , elaboración de conclusións, ...

#### Autonomía e iniciativa persoal (AIP).

- Desenvolvemento de hábitos de responsabilidade, colaboración, participación e esforzo en todo o proxecto.
- Adquisición de hábitos de responsabilidade no coidado das súas mascotas e no dos canciños apadriñados polo CEIP De Quintela na Protectora de Animales do Morrazo.
- Participación activa nas entrevistas e visitas de expertos (veterinario, voluntarias..)

#### Competencias social e cidadá (CSC).

- Distribución de tarefas dentro do grupo de traballo para desenvolver as propostas.
- Respecto ao traballo e aportación dos integrantes do grupo.
- Colaboración coas familias e asociación nas investigacións.
- Colaboración coa Protectora do Morrazo, visita do veterinario e participación no Plan Proxecta do centro "Bicos e Patas".

#### **1.2.4. CALENDARIO**

Este proxecto desenvolveuse durante o primeiro trimestre do curso 2018-2019.

#### **1.2.5. PROFESORADO PARTICIPANTE**

Neste proxecto participou o alumnado de 6º de Infantil, así como a titora e a mestra de apoio de Infantil.


Colaboraron tamén a mestra especialista en Educación Musical , traballando a canción "Eu teño un canciño" de Migallas; a mestra de inglés, como coordinadora do proxecto "Bicos e patas", dentro dos Plan Proxecta; a mestra de apoio, recreando e recitando poesías relacionadas cos canciños; e a coordinadora TICs facilitando os materiais e asesorando para traballar co escornabot, dedicada á mellora da competencia dixital.

Contamos coa colaboración doutros grupos de alumnos da escola, asistindo aos relatorios nos que se expuxeron as investigacións ( os grupos de 5º de Educación Infantil e 1º e 2º de Educación Primaria) . Por outra banda, o grupo de 5º de Primaria, que neste curso foron os padriños lectores do grupo de 6º de Infantil, colaboraron na organización de obradoiros ou lendo os contos que seleccionamos tanto da biblioteca de aula como do centro .

## 2. OBXECTO E TEMÁTICA DA INVESTIGACIÓN

A temática proposta polos nenos e nenas de 6º de infantil foi “Os canciños”, pois o alumnado amosou o seu interese en investigar sobre a mascota elixida para a súa aula ao comezo de curso.

Traballamos no ámbito científico, cunha temática cercana a eles, os cans, avanzando así nas diferentes competencias básicas e reunindo información sobre os aspectos que espertaban en maior medida o interese do grupo.



## 3. BREVE DESCRICIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA

Unha vez elixida a temática de investigación seguíuse un proceso que pasou por diferentes etapas desde a organización ata a presentación do resultado final:

- Fase de motivación
- Análise de Ideas previas
- Busca de información
- Elaboración da información recollida
- Producción de textos
- Avaliación
- Compartimos a información
- Divulgación do proxecto na comunidade educativa.

## 4. RELACIÓN DE TAREFAS MÁIS IMPORTANTES REALIZADAS POLO ALUMNADO

### ➤ Fase de motivación

Todo comezou no primeiro día de curso coa elección da mascota da clase para o curso 2018-2019. Despois de que todo o grupo expresase as súas preferencias, razonase e por último votase, saíu elixido o Can. A fase de motivación foi completada sorprendendo ao alumnado cunha serie de pegadas de can que adheridas no chan marcaban o camiño desde a porta da entrada do colexio




ata a súa nova aula ( o alumnado de Infantil cambia de edificio cando se incorpora a 6º de Infantil). As pegadas conducían a unha adiviña na súa aula que levou ao grupo á biblioteca, onde atoparon a mascota á que puxeron de nome Chispa, como o can da colección de Pepe Carreiro “Os bolechas”.



Neste primeiro momento, aproveitando que era principio de curso e tiñamos a aula sen decorar, fixemos unas manteis para merendar con motivos de canciños e decoramos o teito e a porta da clase, traballando así a competencia artística.

### ➤ Análise de Ideas previas


Nesta primeira fase do proxecto, que se desenvolveu a través da conversa na zona da asemblea, recolléronse os coñecementos previos dos alumnos/as sobre os cans, así como as súas vivencias persoais relacionadas con eles. Serviunos este momento para detectar que sentimentos e emocións espertaban en cada membro do grupo. As emocións estiveron moi presentes ao longo de todo o proxecto, pero nestes momentos iniciais era importante no só saber de que aprendizaxes partiamos, senón tamén os vínculos emocionais existentes coas mascotas, para poder desenvolveselos a través do proxecto.





### ➤ Planificación da investigación

Na posta en común o grupo foi expresándose sobre os aspectos que querían coñecer, as preguntas que desexaban responder e como podían facer para buscar esta información. Decidiron recurrir á biblioteca como primeiro lugar onde dirixirse para buscar información, pero o grupo tamén suxeriu outras fontes de información como as súas familias ou persoas que coidasen cans.



### ➤ Investigación e busca da información

Decidiron que a mellor maneira de resolver as súas inquietudes era indo á biblioteca do colexio para **buscar información** sobre os cans. Primeiro tivemos que averiguar na flor da CDU en que número están colocados os libros relacionados cos cans, traballando así, a formación de usuarios. Despois, buscamos na sección de Consulta os libros que necesitabamos para a nosa investigación, correspondían aos de etiqueta verde coa CDU 59. A selección foi practicada analizando en primeiro lugar a imaxe da capa e a continuación o título. Coa axuda da titora revisaron os índices para escoller os libros que podían conter información sobre os aspectos acordados.



A selección foi levada para a nosa biblioteca de aula co obxectivo de ir desgranando a información, e gozar tamén na hora de ler na aula daqueles libros.

Tamén se buscaron na rede imaxes e información para completar cuestións que non resolvían nalgúns casos os libros da biblioteca.

Fixemos tamén unha selección de contos de cans na sección de literatura na nosa biblioteca e deixámoslos na clase para gozar das súas lecturas.

Seguindo coa busca de información pedimos



axuda ás familias para aportar máis datos á investigación, algunhas cuestións non quedaban resoltas nos fondos atopados na biblioteca do cole, así que recurrimos a outras fontes de información.

Unha das fontes de información á que recurrimos foi á visita de expertos relacionados



coas mascotas. O CEIP de Quintela é socio da Protectora de Animais do Morrazo, que desenvolve un importantísimo labor atendendo de xeito altruísta mascotas abandonadas, ao mesmo tempo ten “adoptados simbólicamente” dous cans cos que o alumnado de Primaria aprende e desenvolve hábitos de coidado e protección cara os seres vivos nun proxecto titulado “Bicos e Patas” dentro dos Plans Proxecta. [Concertamos a visita](#) de dúas



voluntarias da citada Asociación para que contribuisen na aportación de información sobre os cans. Aportaron datos sobre a saúde, os coidados e as actitudes de responsabilidade que precisan os cans. Trouxeron diferentes materiais á aula desenvolvendo prácticas relacionadas coa hixiene das mascotas nos espazos públicos e axudaron ao alumnado a adquirir


hábitos de responsabilidade neste tema.

Nesta fase de busca de información organizouse unha exposición na aula coas fotos das mascotas, actividade que aportou moitos datos sobre as diferentes razas e coidados que precisaba cada un.

As cuestións relacionadas coa saúde dos cans foron abordadas na visita dun [veterinario](#) ao que invitamos para que aporta se esta información e resolvese as dúbidas do grupo.



### ➤ Elaboración da información recollida



Recompilamos toda a información que recollemos das familias, os libros, as visitas, organizándoa nunha exposición. Pouco a pouco fomos resolvendo as cuestións que se deseñaran ao principio do proxecto e engadindo outras que foron xurdindo coas visitas dos expertos ou as aportacións das familias. Con toda esta información, en grupo fomos seleccionando o que interesaba ao grupo, interpretándoa para escribila. Cada información facía referencia a unha imaxe que tamén fomos escollendo en grupo.

### ➤ Producción de textos e outros materiais.


Con toda a información que elaboramos, fixemos un dossier para ter na nosa biblioteca de aula. Todo o alumnado levou para a casa o libro, coa información elaborada polo grupo sobre os canciños.

Elaboramos ademais un [Libro de bits de intelixencia de razas de cans](#), porque este tema centrou moito a curiosidade do alumnado.

### ➤ Avaliación

Na fase final do proxecto desenvolveuse a avaliación a través dunhas fichas de avaliación individual na que o alumnado repondía á cuestión Que sabemos sobre os canciños?, onde poidemos analizar que cuestións foron máis significativas para cada un.

O [escornabot](#) serviu tamén para avaliar cuestións relacionadas cos conceptos e informacións manexadas a través de plantillas con imaxes das razas de cans ou outras informacións, neste caso debían conducir o robot á casiña correspondente á resposta da cuestión plantexada.



### ➤ **Compartimos a información**

O proxecto tivo fortes implicacións emocionais no grupo, que se amosaba orgulloso polas investigacións desenvolvidas así que tal como propoñen os equipos de Biblioteca e Dinamización Lingüística para desenvolver a oralidade e a competencia de aprender a aprender, organizamos uns relatorios para dar a coñecer os resultados do noso traballo.

[COMPARTIMOS](#) co alumnado de 5º de Infantil e 1º e 2º de Primaria toda a información que recollemos, organizando e planificando na asemblea as intervencións de cada neno ou nena, o apoio visual que levarían, a disposición espacial o tono e volume da voz etc.



### ➤ **Divulgación do proxecto na comunidade educativa**

Divulgamos o noso proxecto elaborando unha [reportaxe](#) sobre a Protectora de Animais do Morrazo, publicado no blog e tamén serviu para o Informativo da canle de TV escolar do Concello de Moaña, o Caranvexornal. Ao longo do curso, o noso centro produciu dous informativos, participando de xeito diferente cada aula. A aula de 6º de Infantil participou informando sobre a actividade da Protectora de Animais do Morrazo, con información que recolleron na visita das persoas colaboradoras da entidade .

A visita do veterinario tamén foi recollida nun audiovisual, coa información máis salientable que achegou ao grupo.

No Blog do ciclo [Infantil en Quintela](#) recollemos todas as actividades que foron marcando o desenvolvemento do proxecto, un xeito de compartir coas familias e coa comunidade educativa en xeral o proxecto.

### **Implicación das diferentes áreas**

O proxecto centrábase nunha temática do ámbito das ciencias, na área do medio físico e social, pero desenvolveuse a través das outras áreas curriculares en Educación Infantil, principalmente relacionadas coa comunicación e a representación e cun importante traballo no ámbito da autonomía persoal.

Deste xeito produciron textos escritos dunha forma significativa, contextualizada e real para os nenos e nenas, dándolle unha finalidade comunicativa á escritura, xa que tiñan que explicar e deixar constancia da información que foran descubrindo.

Recreamos o poema de Fran Alonso “O meu gato é un poeta e escribe porque lle peta”, escribindo novas rimas, neste caso “O meu can é un poeta e escribe porque lle peta” . Con estes fermosas rimas gravouse un [AUDIOVISUAL](#) no que sobre producións plásticas do alumnado incorporáronse as voces coas rimas creadas.



En colaboración co grupo de 5º de Primaria, organizouse un [obradoiro](#) de plástica, para montar unha manualidade tridimensional en papel proposta polas voluntarias da Asociación da Protectora, aproveitando a colaboración previa entre o grupo de 6º de Infantil e 5º Primaria a través dos apadriñamentos lectores. Foi unha actividade que fortaleceu os vínculos emocionais entre os dous grupos, inclusiva e cooperativa, amosando as grandes posibilidades das comunidades de aprendizaxe.

As habilidades expresivas no campo da educación musical foron practicadas coa canción [“EU TEÑO UN CANCIÑO” de Migallas](#).

A expresión artística estivo tamén presente durante todo o proceso, non só na actividade citada, senón tamén facendo manteis para a merenda con deseños caninos, decorando a nosa porta da aula, e o teito da aula con móbiles .

## 5. DOCUMENTACIÓN ELABORADA POLO PROFESORADO E ALUMNADO

Elaborouse todo o material didáctico necesario para o traballo individual na aula, así como o necesario para recoller a información e avaliala.


Os bits de intelixencia coas imaxes das razas de cans foron recompilados nun libro de imaxes en un Power Point empregado na presentación do proxecto ante os grupos de 5º de infantil e 1º e 2º de Primaria.



O alumnado elaborou o seu propio dossier con toda a información recompilada sobre os cans, levando un exemplar para o seu domicilio, e deixando unha copia na biblioteca de aula.

O proceso seguido no labor de investigación, busca de información e elaboración de contidos foi recollido

nunha [presentación de diapositivas](#) que foi compartida coas familias a través do blog.



## 6.RECURSOS EMPREGADOS E ENUMERACIÓN DE FONTES CONSULTADAS

A biblioteca do centro foi a principal fonte de consulta a través dos seus fondos catalogados tanto coa [CDU 59](#), como na materia “[Mascotas](#)” ou “[Cans](#)”.

As familias colaboraron aportando materiais, información e recursos. Contamos tamén coa visita de expertos relacionados co proxecto, facendo que as informacións aportadas fosen moi significativas e vivenciadas para o alumnado.

Os recursos tecnolóxicos empregados foron amplios e variados, as tablets para producir e gravar os audiovisuais e o informativo, o canón e ordenador de aula para as proxeccións e por último o escornabot empregado para consolidar aprendizaxes e na fase da avaliación de contidos.



## 7.IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

Como viñemos relatando, o proxecto precisou da colaboración doutros membros da comunidade educativa para ir medrando, tanto na fase de recollida de información, na de produción de materiais ou na de compartir o producido. Foron moi oportunas e amplas as aportacións das familias facilitando información, pero tamén contou coa colaboración do alumnado de 6ºP para elaborar o informativo para a canle de TV escolar o [Caranvexornal](#), o alumnado do grupo de 5ºP participando no obradoiro de plástica ou lendo contos, e por último, foron imprescindibles os grupos de 5º de Infantil e 1º e 2º de Primaria asistindo e

empoderando ao noso alumnado como fonte de información nos relatorios sobre o proxecto.

## **8. DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA**

O proxecto foi difundido entre a comunidade educativa principalmente a través do blog do ciclo de [Infantil](#) e da bibliotecadocole, publicando artigos a medida que se producían materiais ou informando das visitas dos expertos á aula para aportar información.

O documento que recolle todo o proceso seguido no proxecto tamén foi publicado e compartido coas familias a través do citado blog.

A reportaxe elaborada sobre a actividade da Asociación Protectora de Animais foi publicada na canle de TV escolar do Concello de Moaña e compartida a través do blog coa comunidade educativa.

## **9. AVALIACIÓN REALIZADA EN RELACIÓN COS CRITERIOS DE AVALIACIÓN E AS COMPETENCIAS CLAVE.**

Avaliamos o desenvolvemento do proxecto como moi positivo tendo en conta os criterios de avaliación deseñados.

No ámbito emocional contribuíu a que o alumnado amosase interese polos cans e adquirise hábitos de coidado e protección cara eles. O alumnado sensibilizouse coas súas necesidades e a responsabilidade que implica que formen parte da vida familiar. A sensibilización foi posible grazas ao papel da Protectora de animais pero tamén coa entrevista co veterinario.

No proxecto traballáronse as competencias básicas durante todo o proceso, alcanzando un nivel de motivación alto por parte do alumnado. O acceso á información foi fácil, tanto pola coordinación co Equipo de Biblioteca do centro, como pola participación das familias e a colaboracións coas asociacións e especialistas que nos visitaron.

O tempo empregado no desenvolvemento do proxecto foi o adecuado, xa que máis de un trimestre sería moito para seguir co nivel de motivación dos nenos/as.

É moi positivo o traballo por proxectos, xa que aprenden a buscar información, a analizala, aprenden de maneira conxunta e cooperando uns cos outros.

En relación aos criterios de avaliación recollidos ao principio deste documento, empregáronse diferentes instrumentos de avaliación.

As actitudes e valores foron avaliados nas intervencións orais nas postas en común da asemblea. Para outro tipo de contidos do ámbito científico foron empregadas fichas individuais e plantillas de escornabot con cuestións sobre a vida e características dos cans.

O traballo en equipo foi avaliado a través de rúbricas de avaliación nas que se recollía a participación de cada membro, respecto polo reparto de tarefas, participación activa etc.

## **10.FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR**

A biblioteca escolar identifícase como elemento indispensable no proxecto, participando en cada unhas das fases do mesmo. Inicialmente facilitou as fontes documentais que se consultaron, e na fase de motivación.

No desenvolvemento do proxecto contribuiu á publicación dos documentos que se foron elaborando a través do blog e organizou a proposta dos apadriñamentos lectores, nos que os grupos de 6º de Infantil e 5º de Primaria entraron en contacto abrindo o camiño para outro tipo de colaboracións como foron o obradoiro de plástica.

Por último, a biblioteca como espazo de divulgación de coñecemento foi o escenario para os relatorios sobre o investigado ante o alumnado de 1º e 2º de Primaria.

Moaña a 8 de xullo de 2019

A titora

Vº e prace



Ana Fernández Durán



A directora Belén Escariz Ferrín